

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****ACCESO Á OFICINA VIRTUAL EXTERNA DA AEAT**

Como xa informabamos hai uns días xa está operativo o acceso á Oficina Virtual desde equipos alleos á AEAT.

A continuación resumimos algunhas cuestións interesantes e a información para facilitarvos o acceso.

- **Enderezo de acceso á Oficina Virtual:**

<https://ovp.aeat.es>

- **Navegador recomendado:**

Internet explorer, a partir da versión 10. Con outros navegadores pode haber problemas e non son recomendables.

- **¿Cómo acceder?:**

Para acceder á Oficina Virtual externa desde fóra da AEAT precisas xestionar, de xeito previo, algún sistema de verificación da túa identidade. A verificación da identidade só pode facerse por algún destes tres métodos:

- **Certificado electrónico:**

Se non o téis, debes solicitalo na páxina web da “Fábrica Nacional de Moneda y Timbre”, este sería o enderezo para poder solicitalo:

<https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados/persona-fisica/obtener-certificado-software>.

De xeito inmediato remitiranche un código de solicitude ao correo electrónico que puxeches na solicitude e logo xa só terías que achegarte unha oficina da AEAT co teu DNI, o código de solicitude que recibiches e facilitar un correo electrónico onde che remitirán o certificado para descargalo e instalalo no ordenador desde onde o solicitaches. Ese certificado logo poderías exportalo a outros equipos.



Confederación Intersindical Galega

A obtención deste certificado non só che permitirá acceder á Oficina Virtual, senón que poderás facer moitas xestións desde a túa casa, tales como obter a túa vida laboral na Seguridade Social, presentar recursos, consultar o teu saldo de puntos en Tráfico, etc.

- **DNI electrónico:**

Como xa sabedes o DNI está provisto dun microchip cun certificado dixital que permite facer xestións administrativas. Para utilizalo precisas un lector de tarxetas, que o certificado esté vixente e que dispoñas da clave correspondente que se facilita no momento da expedición do DNI na Comisaría correspondente.

- **Cl@ve PIN:**

Para utilizar o sistema Cl@ve PIN precisas un rexistro previo, que pode ser presencial nas oficinas da Administración (AEAT, Seguridade Social, SEPE, etc...) ou facerse de xeito telemático. Neste enderezo tes toda a información tanto para facer o rexistro como para obter o PIN:

http://clave.gob.es/clave_Home/registro.html

Para acceder tanto á Intranet como a outros servizos habilitados para o PIN é imprescindible ter o teléfono móbil a man, pois cada que cada vez que queiras acceder chegarache a clave correspondente ao teu teléfono, clave única que só serve para ese acceso. Aínda que o sistema é o recomendado para utilizar en equipos non seguros o certo é que tamén é o máis farragoso pois para cada acceso que queiras facer na Oficina Virtual terás que pedir, recibir e grabar o PIN na pantalla (é dicir, se queres ver a nómina, un PIN, se queres presentar unha axuda de acción social, outro PIN, aínda que se faga na mesma sesión).

O acceso á Oficina Virtual desde equipos externos é un paso importante para todos os compañeiros da AEAT que, polo seu traballo teñen difícil o acceso con regularidade á Intranet así como para todos aqueles que por outras razóns, baixa, vacacións... queiran facer xestións desde a casa tales como consultar a nómina, solicitar permisos, pedir axudas de acción social ou mesmo solicitar prazas no Panel correspondente.